PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

PARA EMPRENDEDORES

PEMES E AUTÓNOMOS CON ASALARIADOS

Gabinete Técnico de Seguridade e Saúde Laboral

Confederación de Empresarios de Lugo (CEL)

CEG CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

cel Confederación de Empresarios de Lugo

Co financiamento de: XUNTA DE GALICIA

PRL para emprendedores

Introducción sobre as obrigas do emprendedor

Calquera empresa, xa dende os inicios da súa andadura, está obrigada a cumprir a lexislación vixente en materia de prevención de riscos laborais, que busca preservar a seguridade e a saúdo do propio emprendedor, no caso de que sexa traballador autónomo (que a efectos da lei ten consideración de empresario), e dos seus traballadores contratados, se os tivese.





A lexislación o que establece é o **dereito do traballador** á protección da súa saúde no ámbito laboral e, por tanto, o **deber do empresario** de establecer as medidas de prevención de riscos necesarias para garantir ese dereito.

O empresario, xa que logo, terá que desenvolver unha **actividade preventiva continua e permanente**, de forma directa ou a través de terceiros. Unha actividade que no será illada ou independente, senón que terá que estar integrada na xestión empresarial diaria da empresa (obriga de implantar un sistema de xestión preventiva integrado).

PRL para emprendedores

Normativa de aplicación

Con respecto á sua propia seguridade, o traballador autónomo haberá de prestar especial atención ao **Estatuto do Traballo Autónomo** e a **Lei de Prevención de Riscos Laborais**, nos puntos que incorpora específicamente dirixidos aos traballadores autónomos.

Respecto aos traballadores da empresa, pola sua banda, con carácter xeral haberá de atenderse ao establecido na propia **Lei de Prevención de Riscos Laborais**, así como no **Reglamento de Servicios de Prevención** e no **Real Decreto de Coordinación de Actividades Empresariais**.

Xa de xeito máis específico, haberá de atenderse as diferentes normas concretas que se van publicando para responder a necesidades concretas de determinadas actividades laborais: existe lexislación sobre manipulación manual de cargas, ruido, axentes químicos e un largo etcétera ou, máis recentemente, o teletraballo ou traballo a distancia.

Ademáis, será preciso consultar os **convenios colectivos**, pois adoitan a incluir cuestións concretas que desenvolven a normativa xeral.

Finalmente, se a empresa opera no sector de construcción, terá que ter en conta a normativa específica deste sector: o **RD 1627/97 de Seguridade e Saúde en Obras de Construcción**; a **Lei de Subcontratación** e **Reglamento de Subcontratación**.

PRL para emprendedores

Aplicación práctica da normativa

Aínda que a xestión da prevención será diferente en cada empresa dependendo do sector de actividade, número de traballadores, entroutros factores, existen unha serie de aspectos comúns a ter en conta:

OBRIGAS DO EMPRENDEDOR

- **Información, consulta e participación:** o emprendedor proporcionará información sobre riscos na empresa, medidas de prevención adoptadas e medidas de emerxencia. Tamén consultará aos traballadores todo o referente á acción preventiva e facilitará a súa participación e a realización de propostas.

- **Formación dos traballadores:** o emprendedor proporcionará a cada traballador formación teórica e práctica en prevención adaptada de forma específica ao seu posto de traballo e funcións a desenvolver.

- **Medidas de emerxencia:** será preciso analizar as posibles situacións de emerxencia e adoptará as medidas necesarias en materia de primeiros auxilios, loita contra incendios, etcétera.

- **Vixiancia da saúde:** o emprendedor ten a obriga de garantir a vixiancia periódica da saúde dos seus traballadores, sempre co seu consentimiento e en función dos riscos do seu posto de traballo.

- **Documentación:** é obrigatorio elaborar e conservar a disposición da Autoridade Laboral un Plan de Prevención, as medidas de prevención e protección adoptadas, material de protección a utilizar, vixiancia da saúde ou a relación de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

- **Auditoría da prevención:** de non concertar a actividade preventiva cunha entidade especializada, hai que auditar o sistema de prevencion da empresa.

MODALIDADES DE ORGANIZACIÓN PREVENTIVA

En función das súas características e recursos, a empresa escollerá un modelo de organización da prevención, de entre os seguintes:

- **Asunción persoal polo empresario:** para empresas de ata 10 traballadores ou 25 se dispón de un único centro de traballo, sen riscos de especial perigosidade e na que o empresario desenvolva boa parte da súa actividade cotiá. O empresario terá que ter ademáis formación e capacitación axeitada en materia preventiva. En todo caso obriga de vixiancia da saúde será asumida por un SPA.

- **Traballador designado:** encargarase a un traballador da propia empresa a acción preventiva, dotándoo da formación necesaria.

- **Servicio de Prevención Propio:** constitución obrigatoria para empresas de máis de 500 traballadores, para empresas de 250 a 500 incluidas no Anexo I do RD 39/1997 ou cando así o requira a Autoridade Laboral.

- **Servizo de Prevención Alleo (SPA):** o empresario contrata a una entidade especializada en xestión da prevención.

- **Servicio de Prevención Mancomunado (SPM)**: a empresa comparte con outras do mesmo sector unha serie de recursos humáns e materiais especializados que se encargarán da prevención de riscos laborais do conxunto das empresas mancomunadas.

MÁIS INFO

Gabinete Técnico de Seguridade e Saúde Laboral

Confederación de Empresarios de Lugo (CEL)

Praza de Santo Domingo, 6-8, 2ª Planta
27.001 LUGO
Tel. 982 23 11 50

www.cel.es